

***ORDE do de de 2019 pola que se crea e se regula a composición, funcionamento e organización do Consello Técnico de Atención Primaria.***

O artigo 26 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, prevé que por orde da persoa titular la Consellería de Sanidade poderán establecerse órganos de participación comunitaria a outros niveis territoriais e funcionais do Sistema Público de Saúde de Galicia, coa finalidade de asesorar aos correspondentes órganos directivos e implicar ás organizacións sociais e cidadás no obxectivo de acadar maiores niveis de saúde.

Para tal efecto, a persoa titular da Consellería de Sanidade, mediante orde, regulará a composición e establecerá as normas xerais de organización e funcionamento destes órganos.

É unha realidade que o patrón epidemiolóxico da poboación está a cambiar como consecuencia do aumento das enfermidades crónicas e dito cambio está a orixinar unha maior demanda na utilización dos servizos á que ten que adaptarse o sistema sanitario. A poboación de Galicia atópase entre as máis lonxevas do mundo, cunha esperanza de vida ao nacer superior aos 83 anos, e cun 25% da poboación que supera os 65 anos. Unha situación que, segundo indican as proxeccións, continuará aumentando nos próximos anos de forma moi acusada.

O modelo asistencial tradicional, centrado na resolución das patoloxías agudas, ten por tanto que ir cambiando tamén para adaptarse ás novas necesidades. E tamén a división tradicional en dous niveis asistenciais separados, dado que será necesario unha visión integradora, novas dinámicas de traballo non soamente entre á atención Primaria e a Hospitalaria, senón tamén con outros axentes implicados nos cuidados de diferentes aspectos como os correspondentes a servizos sociosanitarios, os de saúde pública ou as propias asociacións de pacientes.

A Atención Primaria debe constituírse no nivel asistencial que lidere a xestión dos procesos de atención ao/á enfermo/a crónico/a dentro do sistema sanitario e converterse no eixe vertebrador do mesmo.

O Servizo Galego de Saúde ten iniciado para iso un proceso no que se tratan de abordar estes retos do futuro e definir as liñas estratéxicas, que podan axudar a que os profesionais teñan máis tempo para atender aos pacientes, a mellorar a coordinación entre a Atención Primaria e o hospital, mellorar a formación e a investigación.

Este proceso de definición estratéxica do novo modelo, será desenvolvido a través do Consello Técnico de Atención Primaria que, cun carácter permanente, realice funcións en relación cos aspectos científicos, sociais e profesionais no ámbito da atención primaria, desde unha visión multidisciplinar, que se reflicta na súa composición, e que poida tratar sobre os programas e medidas a desenvolver neste proceso.

O citado artigo 26 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, establece a tal efecto que este tipo de órganos poderán incluír, ademais do persoal e dos representantes de equipo directivo que se considere, entre outros, representantes dos colexios profesionais sanitarios, sociedades científicas, asociacións, entidades locais e consumidores e usuarios, así como persoas físicas e xurídicas de recoñecido prestixio no campo das ciencias da saúde.

En cumprimento do sinalado, esta orde crea e regula a composición, funcionamento e organización do Consello Técnico de Atención Primaria, dentro dos parámetros normativos antes indicados, e como resposta a unha necesidade do propio Sistema Público de Saúde de Galicia e dos seus profesionais.

Na súa virtude, por proposta da xerencia do Servizo Galego de Saúde, e no uso das competencias atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

### *DISPOÑO:*

#### *Artigo 1. Obxecto*

Esta orde ten por obxecto a creación e a regulación da composición, funcionamento e organización do Consello Técnico de Atención Primaria, como órgano colexiado de asesoramento técnico no ámbito da asistencia primaria do Servizo Galego de Saúde.

#### *Artigo 2. Funcións do Consello Técnico de Atención Primaria*

Ao Consello Técnico de Atención Primaria correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Asesorar ao Servizo Galego de Saúde nos asuntos do seu ámbito de competencias, especialmente no que se refire á prevención, diagnóstico precoz e mellora da accesibilidade da atención sanitaria, sen prexuízo das competencias que poidan ter outros órganos.
- b) Propoñer e elaborar programas de intervención comunitaria para a mellora da saúde da poboación.
- c) Informar e asesorar sobre as medidas destinadas á mellora da xestión da demanda no ámbito da Atención Primaria e o análise da mellora da súa capacidade resolutiva e da carteira de servizos.
- d) Asesorar sobre aspectos organizativos necesarios para favorecer a continuidade asistencial e a coordinación e comunicación entre os niveis asistenciais de Atención Primaria e Atención Hospitalaria.
- e) Analizar as liñas de xestión de procesos asistenciais de Atención Primaria e de propostas de mellora das relacións de Atención Primaria coa Atención Hospitalaria.

- f) O estudo e análise de propostas de nova organización da xestión de Atención Primaria.
- g) Asesorar sobre aspectos relacionados coa formación, docencia e investigación no ámbito da Atención Primaria.
- h) Presentar propostas de mellora dos servizos do Servizo Galego de Saúde no ámbito das funcións descritas.
- i) Estudar e emitir informe sobre plans, programas ou proxectos, que sexan sometidos á súa consideración.
- j) O análise e avaliación das necesidades de recursos humanos.
- k) Calquera outra que lle sexa atribuída ou encomendada.

### Artigo 3. *Composición*

1. O Consello Técnico de Atención Primaria estará formado por un máximo de 45 persoas de recoñecido prestixio, recoñecemento social e traxectoria profesional acreditada no ámbito sanitario.
2. Os membros do Consello serán nomeados e cesados pola persoa titular da Presidencia do Servizo Galego de Saúde e entre eles contarase, cando menos, con:
  - Un/unha vogal a proposta da Sociedade Española de Médicos de Atención Primaria (SEMERGEN).
  - Un/unha vogal a proposta da Sociedade Española de Médicos Generales y de Familia (SEMG)
  - Un/unha vogal a proposta da Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria (AGAMFEC).
  - Un/unha vogal a proposta da Asociación Galega de Pediatría de Atención Primaria (AGAPAP)
  - Un/unha vogal a proposta da Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria (AGEFEC)
  - Un/unha vogal a proposta da Sociedade Galega de Fisioterapeutas (SOGAFI)
  - Un/unha vogal a proposta da Asociación Española de Trabajo Social y Salud en Galicia (AETSYS)
  - Un/unha vogal a proposta da Asociación de Farmacéuticos de Atención Primaria de Galicia (FAPsGal)
  - Un/unha vogal a proposta de cada unha das organizacións sindicais con representación na mesa sectorial de Sanidade
  - Un/unha vogal a proposta da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)
  - Dos/dúas vogais a proposta das Asociacións que forman parte do Consello Asesor de Pacientes do SERGAS.
  - Un/unha vogal a proposta dos Colexios Oficiais de Médicos de Galicia.

- Un/unha vogal a proposta dos Colexios Oficiais de Enfermería de Galicia.
- Un/unha vogal a proposta dos Colexios Oficiais de Farmacéuticos de Galicia.
- Un/unha vogal a proposta do Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia.
- Un/unha vogal a proposta do Colexio Oficial de Traballadores Sociais de Galicia.
- Un/unha vogal a proposta da Consellería con competencias en materia de Educación.
- Un/unha vogal a proposta da Consellería con competencias en materia de Servizos Sociais
- Un/unha vogal de entre os/as profesionais do ámbito do centro directivo con competencias en Asistencia sanitaria do SERGAS
- Un/unha vogal de entre os/as profesionais do ámbito do centro directivo con competencias en recursos económicos do SERGAS
- Un/unha vogal de entre os/as profesionais do ámbito do centro directivo con competencias en Recursos Humanos do SERGAS
- Un/unha vogal de entre os/as profesionais do ámbito do centro directivo con competencias en Tecnoloxías da Información da Consellería de Sanidade
- Un/unha vogal de entre os/as profesionais do ámbito do centro directivo con competencias en Formación do SERGAS
- Un/unha vogal a proposta da Fundación Pública 061 de Galicia

3. O nomeamento das persoas membros do Consello terá unha duración de 3 anos e poderá ser renovado sucesivamente por outros períodos de igual tempo.

4. Na composición do Consello procurarase unha composición paritaria entre homes e mulleres.

5. Cada institución ou órgano representado poderá propoñer unha persoa suplente para o caso de ausencia, vacante ou enfermidade.

#### Artigo 4. *Organización*

1. O Consello Técnico de Atención Primaria terá a seguinte organización: Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría e vogais.

2. As persoas titulares da Presidencia e da Vicepresidencia do Consello serán designadas pola persoa titular da Presidencia do Servizo Galego de Saúde de entre as persoas membros do Consello.

3. A Secretaría do Consello será asumida por unha persoa adscrita ao Servizo Galego de Saúde e designada para tal efecto pola persoa titular da Presidencia do Servizo Galego de Saúde.

#### *Artigo 5. Funcións da Presidencia do Consello Técnico de Atención Primaria*

Corresponde á persoa que exerza a Presidencia de Consello a realización das seguintes funcións:

- a) Exeracer a representación do Consello.
- b) Manter a continuidade do Consello, coordinando as actividades deste e executando os acordos que se adopten.
- c) Acordar a convocatoria das reunións ordinarias e extraordinarias.
- d) Dirimir co seu voto os empates para os efectos de adopción de acordos.
- e) Visar as actas e certificacións de acordos adoptados polo Consello.
- f) Solicitar, en nome do Consello, a colaboración de institucións, autoridades, organismos, entidades, asociacións ou particulares, así como invitar a participar no pleno ou nas comisións que, se é o caso, se poidan crear, a expertos de recoñecida competencia nos asuntos de que se trate.
- g) Outras funcións que lle poidan ser atribuídas.

#### *Artigo 6. Funcións da Vicepresidencia do Consello Técnico de Atención Primaria*

Corresponderá á Vicepresidencia a realización das seguintes funcións:

- a) Asumir a Presidencia do Consello nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa titular desta.
- b) Participar nas reunións con voz e voto.
- c) Aqueloutras funcións que expresamente lle sexan encomendadas pola Presidencia ou polo Pleno.

#### *Artigo 7. Funcións da Secretaría do Consello Técnico de Atención Primaria*

A persoa responsable da Secretaría terá as seguintes funcións:

- a) Asistir ás sesións con voz e sen voto.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións seguindo as instrucións da Presidencia, e realizar as notificacións aos membros do Consello.
- c) Preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións, así como realizar o arquivo dos documentos do Consello.
- d) Expedir as certificacións das consultas, ditames ou acordos aprobados.
- e) Aqueloutras funcións inherentes á súa condición.

#### *Artigo 8. Funcións dos/das vogais*

Os/as vogais terán as seguintes funcións:

- a) Participar nos debates das sesións e emitir o seu voto, así como expresar o sentido deste e os seus motivos, e formular votos particulares.
- b) Presentar propostas de mellora dos servizos, dentro do seu ámbito de competencias.

- c) Formular rogos e preguntas.
- d) Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.
- e) Outras funcións inherentes á súa representación.

#### Artigo 9. *Réxime de funcionamento*

1. O Consello Técnico de Atención Primaria funcionará en pleno e poderá crear comisións sectoriais, se se estima necesario.
2. Para a válida constitución do Consello para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza da persoa que exerza a presidencia e da persoa que exerza a secretaría, ou das persoas que as substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros, presentes ou representados.
3. O Consello poderase constituír e convocar e poderá celebrar as súas sesións, adoptar acordos e remitir actas tanto de forma presencial como a distancia.  
Non obstante, salvo que non sexa posible, as convocatorias serán remitidas aos membros do órgano colexiado a través de medios electrónicos, segundo o disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e no artigo 21 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.
4. O Pleno do Consello reunirse polo menos dúas veces ao ano, ou a requirimento da Presidencia ou dun terzo dos seus membros.
5. As comisións sectoriais que se poidan crear, cuxa composición será acordada polo Pleno, reuniranse cando así sexa necesario para o desenvolvemento das tarefas específicas que lles sexan encomendadas. A organización e funcionamento destas comisións rexeranse polas normas que se establezan no regulamento de réxime interno.

#### Artigo 10. *Convocatorias*

1. A convocatoria das reunións do Pleno, será realizada pola Secretaría de acordo coa orde da Presidencia e cos asuntos que esta indique. As comisións sectoriais terán o seu propio réxime de convocatorias de conformidade co acordado polo Pleno.
2. Ao escrito de convocatoria, que incluíra a orde do día, deberá unirse a documentación específica sobre os asuntos que se van tratar e remitirse aos membros do Consello cunha antelación mínima de corenta e oito horas. A convocatoria realizarase por medios electrónicos. Cando a documentación dos asuntos a tratar sexa considerable e dificulte a súa remisión por medios electrónicos, poderase habilitar un acceso a esta para os membros do Consello.

#### Artigo 11. *Constitución*

1. O Pleno do Consello Técnico de Atención Primaria considerarase constituído coa presenza das persoas que exerzan a Presidencia e a Secretaría e, polo menos, a metade dos vogais.
2. Poderán asistir ás reunións, con voz e sen voto, aquelas persoas que sexan invitadas pola Presidencia en calidade de expertas en relación coas materias incluídas na orde do día.

#### Artigo 12. *Réxime de acordos*

1. Os acordos do Consello Técnico de Atención Primaria adoptaranse por maioría simple.
2. De cada sesión que se celebre levantarase a acta correspondente en que consten os acordos adoptados, que se poderá motivar, se así o solicitan os membros do Consello.

#### Artigo 13. *Recursos materiais e humanos*

O Servizo Galego de Saúde prestará o apoio administrativo, de persoal e material, que sexa preciso para que o Consello realice as funcións atribuídas.

#### Artigo 14. *Réxime supletorio*

Ao Consello seralle de aplicación supletoria o previsto nos artigos 15 a 22 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e nos artigos 14 a 22 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### Disposición adicional única. *Gasto público*

A creación do Consello Técnico de Atención Primaria non supón incremento do gasto público. A pertenza a este órgano considerase de carácter honorario, e a asistencia ás reunións do Consello non terá carácter retribuído.

#### Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, -- de ----- de 2019